

# AS DUAS TORRES (O SEÑOR DOS ANEIS, VOL.II)



<b>Plaza de edición:</b>	VIGO
<b>Nº de páxinas:</b>	429 págs.
<b>Categoría:</b>	Novela contemporánea
<b>Año edición:</b>	2002
<b>Autor:</b>	J.R.R. TOLKIEN
<b>ISBN:</b>	9788483028261
<b>Traductor:</b>	MOISES R. BARCIA
<b>Editorial:</b>	XERAIS
<b>Lengua:</b>	GALLEGO

[AS DUAS TORRES \(O SEÑOR DOS ANEIS, VOL.II\).pdf](#)

[AS DUAS TORRES \(O SEÑOR DOS ANEIS, VOL.II\).epub](#)

O Señor dos Aneis trata principalmente dos hobbits, e nas súas páxinas o lector descubrirá moito sobre o seu carácter e algo sobre a súa historia. Os hobbits constitúen un pobo discreto pero moi antigo, noutrora máis numeroso do que é hoxe en día. Aman a paz e a tranquilidade, e o cultivo da boa terra; o seu hábitat preferido constituía unha rexión ben organizada e cultivada. Non comprenden nin gustan de máquinas máis complicadas ca un muíño de auga ou un tear de man, anque son hábiles coas ferramentas. Xa nos tempos antigos desconfiaban polo xeral da ?Xente Grande?. Teñen o oído agudo e a vista penetrante, e anque tenden a ser gordos e non corren innecesariamente, son de movementos áxiles e lixeiros. En As dúas torres, o segundo volume desta triloxía, desfeita a Irmandade do Anel, a Frodo e o seu fiel Sam tócalles percorrer o camiño máis escuro na súa viaxe á Terra das Tebras. Paralelamente, os restantes membros da Compañía vense envoltos en batallas, descubrimentos e sucesos extraordinarios que constituirán o escenario principal da Guerra do Anel. Publicada en 1955, O Señor dos Aneis, a máis complexa das obras de Tolkien, supuxo a definitiva renovación do xénero fantástico. J.R.R. Tolkien, como filólogo e estudioso dos mitos, elaborou complexas estruturas nas súas historias, cheas de detalles e estilisticamente afastadas das modas. A través do universo fantástico descrito en O Señor dos Aneis, debedor da mitoloxía escandinava, Tolkien formula o tema da corrupción do poder e a impersonalización do mundo industrializado. O seu profundo coñecemento dos ritos e o seu estilo marcadamente inglés fixeron desta triloxía épica, novelas que hoxe teñen unha extraordinaria vixencia e aceptación entre os lectores mozos de todo o mundo.